
Curso
2020-2021
A Tribo

A Tribo

ÍNDICE

A TRIBO 2020-2021

01 DEPORTES

09 CARTELEIRA

18 PASATEMPOS

21 REPORTAXES

23 TECNOLOXÍA

27 SAÚDE

32 ENTORNO E NATUREZA

38 PRODUCIÓNS

76 CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

84 DESPEDIDAS

C.P.I. DO FEAL NARÓN

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

A Tribo

DEPORTES

Os nenos e nenas de 1ºA de Educación Primaria realizaron un traballo de investigación sobre os deportes alternativos.

Estes deportes diferéncianse dos tradicionais en que utilizan un material que non é habitual, ou ben o seu uso é diferente daquel para o que se deseñaran.

Agardamos que vos gusten e sorprendan:



Lacrosse

É un deporte orixinario de Canadá e do norte de Estados Unidos no que se enfrontan dous equipos de dez xogadores cada un. O **material** que se utiliza é un stick para roubar, controlar e lanzar unha pequena pelota de goma, luvas, casco e protector bucal.

A **modalidade** máis estendida deste deporte é a que se practica sobre o céspede, aínda que tamén hai outras modalidades como poden ser Box Lacrosse ou Indoor Lacrosse. O **obxectivo** do xogo é anotar máis goles có rival.

Korfball

É un deporte moi similar ao baloncesto e consiste en encestar unha pelota nunha canastra especial. O **campo** mide 20x40 metros e ten dúas zonas, a de ataque E a de defensa. Cada partido ten unha **duración** de 60 minutos (divididos en dous tempos de 30). Cada dous goles ou puntos, cámbianse os roles dos xoga-Dores (atacantes e defensores). Os **materiais** que se usan son dúas canastras e unha pelota.



A Tribo

Kinball

É un deporte de equipo creado en 1986 por un profesor de Educación Física de Canadá, Mario Demers, para fomentar o traballo en equipo e a cooperación entre membros.



Participan tres equipos nun **campo** cadrado de 20 metros e cada equipo está formado por 8 xogadores, dos cales 4 están na pista. Os equipos diféreńcianse con petos de diferente cor e utilizan un balón de 1,22m de diámetro e 1kg de peso.

O **obxectivo** é tirar o balón para que un dos outros equipos, cuxo color debe indicarse antes de lanzar, trate de impedir que toque o chan e preparar o seu lanzamento.

Gaña o equipo que chegue antes a 13 puntos ou o que máis puntos teña se o tempo se esgota.

Os **tempos** divídense en 3 períodos de 7 minutos cada un.

Floorball

Este deporte é moi parecido ao hóckey e xurdiu nos anos 50 en Estados Unidos como alternativa ao hóckey xeo.



Gaña o equipo con máis goles ao finalizar 2 períodos de 20 minutos cada un.

Os **equipos** están formados por 5 xogadores e 1 porteiro.

As medidas do **campo** son de 24x15 metros.

A **finalidade** é meter a pelota golpeándoa co stick na portería do equipo contrario.

A Tribo

Os nenos e nenas de 5ºC de Educación Primaria quixéronnos presentar a algúns compañeiros/as que practican algún deporte. Logo destas entrevistas, de seguro que nos animan a realizar exercicio físico aos que aínda non o facemos.

Ah! Se leedes os códigos QR poderedes velos/as en acción!

Irene (xogadora de baloncesto no BAXI Ferrol)



- **Ola Irene, dende cando practicas baloncesto?**
- Dende os 8 anos.
- **Hai moito tempo que formas parte do teu equipo?**
- Dende esta tempada, porque me ascenderon o ano pasado á Liga Galega.
- **Cantas xogadoras hai no equipo?**
- Actualmente somos 10.
- **En que categoría estades?**
- Estamos en 1ª división da Liga Galega de minibasket feminino.
- **Que posición ocupas?**
- De momento un pouco de todo: subo o balón, fago de aleiro, collo rebotes... pero co tempo irei vendo a miña verdadeira posición.
- **Como vai o teu equipo?**
- Na parte Norte quedamos de 2ª. E agora imos de 4ª, pero quedan moitos partidos.
- **Que deportistas admiras?**
- A Laia Palau e Pau Gasol.
- **Animarías aos/ás teus compis a xogar a basket?**
- Sen dúbida, porque mellorarían en coordinación e organización. Para min é unha vía de escape... Cando o practico son feliz.
- **Que cres que che aporta á túa formación como persoa?**
- Axúdame a organizar o día a día, a esforzarme e superarme, sentirme parte dun grupo, a non renderme e pensar que podo conseguir todo o que me propoña...

Lara (ximnasia artística)



- **Ola Lara, dende cando practicas ximnasia artística?**
- Empecei aos 5 anos.
- **En que consiste este deporte?**
- En aprender elementos ou diagonais que logo fas na competición.
- **Por que practicas este deporte?**
- Porque eu vin unha película sobre baile e ximnasia, gustoume moito, quixen probar e nisto estou.
- **Podes explicarnos as regras básicas deste deporte?**
- Non ten moitas, só facer caso ás monitoras e non saír do tapiz.
- **En que categoría estás?**
- Actualmente estou en base 3.
- **Debe ser moi sacrificado, cantos días o practicas?**
- Os martes e xoves, 2 horas e media e os venres 2 horas.
- **Animarías aos teus compañeiros/as a practicar este deporte? Por que?**
- Si, porque é moi divertido e fas exercicio físico.
- **Cres que che aporta algo positivo á túa formación como persoa?**
- Si, eu penso que aprendo a obedecer mellor e a respectar máis aos que están ao meu redor e me ensinan.

Adriel (judo)



- **Ola Adriel, en que consiste este deporte?**
- É un antigo sistema de loita xaponesa sen armas, hoxe practicada como deporte, baseado no uso de chaves para inmobilizar ao contrario ou para desequilibralo ou facelo caer.
- **Por que o practicas?**
- Porque me gusta e sírveme para me mover.
- **Cantos días o practicas?**
- Os luns e os mércores.
- **Animarías aos teus compañeiros/as a practicalo? Por que?**
- Si, porque así fan deporte.
- **Cres que che aporta algo á túa formación como persoa?**
- Si, practicando judo sinto que me poño máis forte.

Lorena (patinaxe artística)

- **Ola Lorena, dende cando este deporte?**
- Dende hai 3 anos.
- **En que consiste?**
- En utilizar patíns para patinar sobre xeo ou sobre unha superficie lisa e chá. É importante ser flexible para bailar, saltar e facer piruetas na pista de patinaxe.
- **Por que practicas este deporte?**
- Porque desde pequena gústame patinar.
- **Cales son as chaves básicas para dominalo?**
- Saber manter o equilibrio e ter forza suficiente para poder guiar os patíns.
- **Cantos días o practicas?**
- Tres días ás semana.
- **Animarías aos compañeiros/as a practicalo?**
- Si, porque se pasa moi ben.
- **Que cres que che aporta?**
- Eu creo que grazas á patinaxe expreso mellor os meus sentimentos.

Assier e Xavi (fútbol)



- **Ola rapaces, dende cando practicades este deporte?**

A: Dende os tres anos.

X: Eu empecei aos catro anos.

- **Como describiriades este deporte?**
- É un deporte de equipo, no campo hai 11 xogadores de cada equipo. Consiste en intentar meter máis goles na portería contraria có rival. Hai un árbitro que se encarga de dirixir o partido.
- **En que categoría estades?**
- En Infantís de 1º ano.
- **Cantos días ides adestrar?**

A: Dous á semana.

X: Eu catro á semana.

- **Animariades aos vosos compañeiros/as a practicar este deporte? Por que?**

A: Si, para que saiban como se xoga en equipo.

X: Si, porque é divertido, pásase o tempo moi rápido e coñeces moitos amigos.

- **Apórtavos algo positivo para a vosa formación como persoas?**

A: Si, axúdame a mellorar a miña habilidade e velocidade.

X: Si, faime pensar e usar o meu cerebro para inventar xogadas, a intentar ser mellor compañeiro...

Vera (kickboxing)



- **Ola Vera, desde cando practicas este deporte?**
- Desde outubro de 2020.
- **En que consiste este deporte?**
- É un deporte de combate de base de orixe xaponés e con desenvolvemento en occidente. Mestúranse as técnicas de boxeo coas de pateo dalgunhas artes marciais orientais como o karate e o muai thai.
- **Por que practicas este deporte?**
- Porque me gusta e sérveme de autodefensa.
- **Cales son as regras básicas deste deporte?**
- Hai partes do corpo que se poden golpear (puñadas e patadas en pernas, coxas, corpo e cabeza) e outras que non (xeonllos e cóbados).
- **En que categoría estás?**
- En infantil, menos de 42kg.
- **Cantos días o practicas?**
- Dous días cada semana.
- **Animarías aos teus compañeiros/as a probar?**
- Si, porque creo que é moi entretido e é moi bo para a nosa defensa.
- **Apórtache algo positivo na túa formación persoal?**
- Si, aportoume o saber defenderme, a ter un bo físico e tamén saúde, xa que o deporte é moi bo para iso.

Aitana e Noa (ximnasia rítmica)

- **Ola rapazas, desde cando practicades este deporte?**
- Desde o 2013, cando tiñamos tres anos.
- **En que consiste este deporte?**
- É unha disciplina olímpica que consta de varios elementos como o aro, a corda, as mazas e a pelota.
- **Por que practicades este deporte?**
- Porque nos gusta moito dende que eramos moi pequenas, e aí seguimos mellorando.
- **Cales son as regras básicas?**
- Tes que estar sempre cos pés estirados, en constante movemento e ao ritmo da música, senón penalízante.
- **En que categoría estades?**
- Na benxamín (10-12 anos).
- **Cantos días o practicades?**
- Tres días á semana, 2 horas.
- **Animariades aos vosos compañeiros/as a practicalo?**
- Se eles/as quixeran si, pero ten que ser unha decisión persoal, non se pode forzar a ninguén a probar.
- **Apórtavos algo positivo na vosa formación persoal?**



A: Si, mellorei a miña forma física nestes 8 anos.

N: Si, aprendo a coordinar movementos, gozo da música e do baile, así como da amizade.

CARTELEIRA

Os nenos e nenas de 4º de Educación Primaria quixeron poñer a proba a súa creatividade e deseñaron toda unha serie de portadas de cine.

Moito ollo porque non teñen desperdicio! Velaquí o froito das cabezas pensantes dos nosos compañeiros/as:



Bob Esponja

Hai problemas en Fondo de Bikini, a coroa do Rei Neptuno desapareceu e as sospeitas recaen no Sr. Cangrexo. Bob Esponja, xunto a Patricio, o seu mellor amigo e veciño, marchan á perigosa Cidade Concha para traer de volta a coroa de Neptuno e salvar ao seu xefe.

Emoji, a película

As emoticonas das aplicacións de mensaxería cobran vida nesta divertida película na que se contan as aventuras dunha emoticona que intentará solucionar os seus problemas de programación mentres salva á súa cidade, Textópis, dun borrado inminente.



Mr. Bean



Mr. Bean gaña unha viaxe a Francia, e pensa pasar alí unhas tranquilas vacacións tomando o sol.

Pero esta viaxe complícase e vólvese un auténtico caos poñendo Francia patas arriba.

Tom e Jerry



Jerry múdase ao mellor hotel de Nova Iorque o día antes da voda do século.

Para desfacerse del, a organización da voda contrata a Tom. Pero este enfrontamento ameaza con destruír a voda e todo o hotel.

Trolls 2

A raíña dos Trolls rockeiros decide destruír toda a música que non sexa o Rock. Para detela, e que os trolls poidan ser como queiran sen que as diferenzas importen, Poppy terá que enfrontarse á raíña para que non destrúa o seu colorido e variado mundo.



Harry Potter e a pedra filosofal



Un neno orfo descobre que é mago cando lle chega a carta para acudir a unha escola de maxia. Alí deberá enfrontarse a diferentes retos, entre os que destaca o que ten co mago máis perigoso de todos os tempos, Lord Voldemort.



Totoro



Dúas nenas, de 11 e 14 anos, múdanse a unha casa co seu pai para estar máis preto da súa nai hospitalizada por tuberculose. As nenas descobren que no bosque que hai preto da súa casa habitan criaturas máxicas chamadas Totoros.

Pronto se fan amigas dos Totoros e xuntos viven aventuras máxicas.



O Capitán Calzoncillos

Dous nenos moi trashos asisten á escola "Jerónimo Chumillas". Ambos amigos dedícanse, nos seus ratos libres, a crear as súas propias historietas protagonizadas polo "Capitán Calzoncillos", un superheroe dono duns calzóns con poderes superelásticos que se enfronta a perversos malvado.

Os descendentes 3



Matt, un home casado e pai de dúas nenas, vese obrigado a reconsiderar o seu pasado e a encauzar o seu futuro cando a súa muller sofre un terrible accidente de barco en Waikiki. Coas súas fillas, Matt embárcase nunha difícil busca do amante da súa muller.



Rapunzel

Flynn Rider, o máis buscado bandido do reino, escóndese nunha misteriosa torre e alí atópase con Rapunzel, unha bela rapaza cunha cabeleira dourada de 21m de longo, que vive encerrada alí dende fai anos. Ambos selan un pacto, e a partir dese momento a parella vivirá aventuras en compañía dun cabalo superpolicía, un camaleón sobreprotector e unha panda de matóns.

Minions



Os minions, inxenuos e torpes axudantes de Vilán, levan buscando desde o principio dos tempos un verdadeiro malfeitor ao que servir. Ao longo de milleiros de anos puxéronse ao servizo dos amos máis depreciables. Kevin, acompañado de Stuart e Bob, emprende unha viaxe para conseguir unha xefa a quen servir, a terrible Scarlet Overkill.

Toy Story



Andy vaise de campamento e deixa sos aos seus xoguetes. Entón, Mc Whiggin, un coleccionista de xoguetes valiosos, atopa a Woody e quere quedarse con el para a súa colección. Buzz Lightyear e os outros xoguetes deberán actuar rapidamente para rescatalo, enfrontándose a numerosos perigos.

Buscando a Nemo



O peixiño Nemo, que é fillo único, é moi querido e protexido polo seu pai. Despois de ser capturado nun arrecife australiano vai parar ao acuario da oficina dun dentista de Sidney. O seu tímido pai emprenderá unha perigosa aventura para rescatalo. Pero Nemo e os seus amigos tamén teñen un astuto plan para escapar do acuario e volver ao mar.

Doraemon

Nobita é un neno que vive con Doraemon, un gato cósmico, procedente do s.XXII. A misión de Doraemon é protexer a Nobita e sacalo de leas. Ten un peto que lle proporciona os inventos máis Sorprendentes, aínda que case sempre son empregados erroneamente; desta maneira, Doraemon termina por complicar máis as leas nas que se mete.



Buscando a Dory



Dory, un peixe que perdeu a memoria, non sabe como se chama nin onde está. Este personaxe percorre unha longa aventura para encontrar aos seus pais. Ao longo dela, fará moitos amigos, como por exemplo Nemo, que lle vai axudar a encontrar a seus pais.

O Rei León



A película xira en torno a un novo león da sabana africana, Simba. Sendo pequeno, vese forzado a exiliarse ao ser inxustamente acusado da morte de seu pai. Durante o desterro, fará boas amizades e regresará para recuperar o que lexitimamente lle corresponde. A pesar de ser o herdeiro do trono, ten que loitar contra varios obstáculos ata converterse, por fin, no rei.

Ninjago



Ninjago estivo en paz desde que os ninjas venceron a Ronin; con todo, cando un desaparecido señor da guerra volve para reclamar a pedra dos elementos, os ninjas terán que xuntarse con Sensei, Samurai, dragóns e loitadores elementais para loitar contra os bruxos, guerreiros pantasma e a misteriosa liga dos ninjas silenciosos.

Wonder



Logo de dez anos de operacións e de longos períodos de recuperación na súa casa, Auggie Pulman, que naceu cunha grave malformación facial, ten agora que enfrontarse a un reto igual de difícil de sobrevivir: asistir por primeira vez a un colexio cos demais mozos/as da súa idade e iniciar secundaria.

PASATEMPOS

Os nenos e nenas de 6ºA de Educación Primaria deseñaron, en pequenos grupos, varios pasatempos dixitais relacionados con Narón e a súa contorna (pobos, costumes, termos...). A continuación, incorporamos unha mostra deles; para xogar, podedes pinchar na URL ou ler o código QR que a acompaña.

Sopas de letras



https://es.educaplay.com/recursos-educativos/9497182-pobos_de_naron.html



https://es.educaplay.com/recursos-educativos/9524323-sopa_de_comidas_galegas.html

PASATEMPOS

Pasapalabra

Con esta xogo poñeredes a proba algún dos contidos vistos nas áreas de Ed. Primaria e, ao mesmo tempo, outros propios da cultura naronesa e galega.



https://es.educaplay.com/recursos-educativos/9524089-pasapalabra_galego.html

A Tribo

PASATEMPOS

Encrucillado



https://es.educaplay.com/recursos-educativos/9509980-iglesias_e_monumentos.html

Kahoot



https://create.kahoot.it/details/2d28ad3d-73c1-4c8b-b14d-07b70f3db6bb

REPORTAXES

Noa Picos Muíño e Mario Pérez Díaz, de 6ºC de Educación Primaria son os reporteiros deste ano do CPI do Feal. Velaquí temos os froitos dos seus respectivos traballos de investigación para informarnos.

ADAPTACIÓN DA NOSA VIDA COA COVID-19

Este ano foi moi difícil: as distancias, o xel desinfectante, as máscaras...

Non se podía quedar cos amigos/as polo peche perimetral e era moi difícil. Debido á corentena, non puidemos acabar ben o curso. A nosa profesora intentou facer o curso da maneira máis fácil de entender nun encerado con vídeos, porque como non sabían que pasaría todo isto, tamén se facían videochamadas e xogos.

Ao comezar o curso estabamos felices de volver a vernos todos xuntos pero... Había moita xente preocupada pola covid, pero todo foi mellorando pouco a pouco. No primeiro trimestre, aprendemos moitas cousas para aproveitar o tempo da corentena. A nosa profesora estivo moi contenta polo noso traballo e nós tamén, polo noso esforzo. Agora pasando a secundaria é un paso moi difícil; é un cambio de etapa bastante grande pero este ano foi o mellor, aínda que non puidemos viaxar a Madrid coa nosa clase encantoume, ademais dos mellores profesores como Miriam e Jorge. Pero deixar primaria é moi difícil porque en seis anos pasou o tempo voando, PERO NO C.P.I O FEAL TODO É MELLOR.

Eu creo que todo isto vai ir mellorando pouco a pouco e para o seguinte curso estaremos mellor coas pantallas nas mesas... Pero tede en conta que aínda queda moito traballo por facer todos xuntos neste colexio sen igual. Ata a próxima compañeiros/as do Feal!

COMO SE ADAPTARON OS HORARIOS DOS DEPORTES ESTE ANO?

Este ano os deportes practicáronse no CPI do Feal?

Si, pero estes practicáronse con máscara (cousa ao que xa estabamos acostumados no verán) e, ás veces, empregando pantalla (o cal é algo agobiante, pero así podemos practicalo). Ademais, os deportes tiveron que ter horarios distintos polo covid-19: algúns tivéronse que separar porque fixeron novos grupos, outros tivéronse que adaptar (empregar menos material, grupos máis reducidos, cambio de espazos...). En xeral, adaptáronse ben e puidemos seguir practicándoos sen problema.

Este ano fixéronse competicións como kick boxing, patinaxe artístico...etc?

O equipo de kick boxing gañou o campionato galego, foron: Bruno Tuñas ,Iker Villar e os xemelos (Adrián e Rubén). E os campións galegos foron: Bruno Tuñas e Iker Villar.

Un profesor de axuda

Este profesor chámase Jorge e este ano veu para aprender sobre como ser profesor, xa que está na universidade; foise fai pouco cun sorriso na cara. Foi un dos mellores axudantes que tiveron algunhas clases, pois axudou a 6º.

Jorge era moi bo, intentaba aprender todo o posible e incluso seguía a Juan Carlos a dar clase de educación física. A maiores, deunos un tema de Sociais para un traballo da universidade e, en lugar de facernos exames, fíxonos xogos e traballos en grupo. Foi excelente e unha maneira divertida de aprender.

TECNOLOXÍA

Nuria Corinede Cisneros e Alba Fernández Piñeiro, de 5ºA de Educación Primaria, fálannos neste artigo sobre a historia da tecnoloxía, dos avances, das pisadas positivas e negativas na sociedade e do seu uso responsable. Lembrade, unha ferramenta con este poder debe ser empregada con gran responsabilidade.



A tecnoloxía é a aplicación da ciencia á resolución de problemas concretos. Constitúe un conxunto de coñecementos cientificamente ordenados, que permiten crear bens ou servizos que facilitan a adaptación ao medio ambiente, así como a satisfacción das necesidades individuais esenciais e as aspiracións da humanidade. A tecnoloxía serve para fabricar "produtos tecnolóxicos".

Como nace?

Nace co primeiro instrumento que o home primitivo utilizou e adquire tal importancia que as distintas tecnoloxías dos materiais dan nome a diferentes épocas na historia do home.

OS AVANCES TECNOLÓXICOS

Tecnoloxías como os "robots", a "intelixencia artificial" e o "aprendizaxe das máquinas" evolucionan a paso veloz. Estes avances poden mellorar a rapidez, a calidade e os custes de bens e servizos, pero tamén deixar sen emprego a un gran número de traballadores.

Dúas formas de **afectar** á sociedade



- Incrementou novos métodos de produción máis económicos e ecolóxicos.
- Aumentou a velocidade e a eficiencia da produción, xa que as máquinas contan con moita máis precisión e maior adaptación á produción automática dun mesmo produto.



- Os países subdesenvolvidos quedan sometidos á importación de maquinaria e produtos tecnolóxicos.
- Aumento do desemprego, porque o uso das máquinas reduce a man de obra e fanse cada vez máis recortes de persoal.

A Tribo

COMO FACER UN USO RESPONSABLE ?



PONERSE LÍMITES

ESTABLECER NORMAS BÁSICAS

- NON USAR O TELÉFONO, A TABLET, ORDENADOR, TELEVISIÓN, ETC. ANTES DE DURMIR.

Coñecer os perigos das redes sociais.

- DURANTE AS COMIDAS, DEIXAR DE LADO OS APARELLOS E FALAR MÁIS COS NOSOS SERES QUERIDOS.

Deixar que os nosos maiores nos acompañen no uso de móbil.

- CANDO ESTAMOS TRABALLANDO OU ESTUDANDO, MANTEMOS O TELÉFONO MÓBIL LONXE E EN SILENCIO.

TECNOLOXÍA

Os nenos/as de 6ºA, aproveitando os coñecementos adquiridos nun proxecto de programación dixital, elaboraron varios videoxogos coa axuda da plataforma Scratch, todos eles tendo como eixe central a temática COVID-19.





https://scratch.mit.edu/projects/537318676/





https://scratch.mit.edu/projects/507672940/

SAÚDE

Os nenos/as de 5ºB de Ed. Primaria fixeron un traballo de investigación acerca da "alimentación ecolóxica", do seu etiquetado, das súas vantaxes e inconvintes, así como das técnicas de cultivo. Velaquí están as súas conclusións!

Que é?

ALIMENTACIÓN ECOLÓXICA OU BIO

É aquela baseada en ingredientes que foron cultivados ou elaborados mediante un método de produción que integra varios elementos esenciais: o emprego de **procedementos e técnicas naturais**, o **respecto cara os animais**, a **preservación do medio ambiente** e da protección da **saúde.**

Os produtos "bio", tamén denominados "ecolóxicos" ou "orgánicos", son os elaborados de forma artificial e sen o emprego de axentes químicos, pesticidas ou fertilizantes. Proveñen da agricultura ou gandaría ecolóxica, nas que se respectan os ciclos naturais de crecemento e se ten en conta o benestar da especie.

Os principais obxectivos da agricultura ecolóxica son a obtención de alimentos saudables, de maior cantidade nutricional, sen a presenza de substancias químicas e obtidas mediante procedementos sostibles que melloran a saúde dos agrosistemas, a diversidade biolóxica e a actividade biolóxica do solo.

SAÚDE

Como identificamos un produto ecolóxico, orgánico ou "bio"?

Mediante o "**selo europeo**" ou "**eurofolla**", que é o distintivo referente dos produtos ecolóxicos. É o elemento común e obrigatorio en toda a UE. Será, polo tanto, o distintivo máis sinxelo e efectivo para diferencialo.



Cada estado membro da UE pode autorizar outros selos públicos e privados de carácter opcional. No caso de España, a autoridade competente nesta materia son as Comunidades Autónomas.





SAÚDE

- Hai unha preservación máxima das propiedades organolépticas e nutritivas naturais dos alimentos.

- Os animais viven en condicións dignas.

- Porque garante a inspección anual aos produtores.



- Non se usan produtos transxénicos nin derivados.

- Non se usan pesticidas químicos nin fertilizantes.

- Trazabilidade (coñecemento da orixe e destino dos produtos).

- O sistema de produción e de tratamentos protexe o medio ambiente.

Que son os alimentos Km0?

A principal característica é que teñen en conta a distancia entre o punto de recollida ou produción e onde se consume.
Para que un alimento sexa considerado como Km0 debe cumprir unha serie de condicións:

* Producirse e consumirse nun radio que non pode superar os 100Km.
* Seren produtos de tempada e de produción ecolóxica.
* Producirse e transportarse co máximo coidado e respecto polo medio ambiente.

SAÚDE

Vantaxes de consumir productos Km0



- Redúcese a **contaminación** e cóidase o medio ambiente.
- Elimina riscos para a **saúde** ao non usar pesticidas.
- Son **máis saborosos** e conservan máis e mellor os seus valores nutricionais.
- Favorécese a **gastronomía e a agricultura local**, ademais de fomentar a **autoprodución**.

O cultivo en modo ecolóxico

Pódese definir como as técnicas que se empregan para nutrir tanto á planta coma ao chan que a sustenta. Trátase de aportes de material orgánico, esterco ou composte, que proporciona nutrientes e mellora a estrutura do chan.

Fertilización



Rego



Consiste en aportar auga aos cultivos por medio do chan e satisfacer as necesidades hídricas que non foron cubertas mediante as precipitacións ou ben para incrementar a produción agrícola.

SAÚDE

Tipos de rego



- Por **aspersión**: é unha modalidade de rego mediante a cal a auga chega ás plantas en forma de choiva.
- Por **goteo**.
- Por **micro-aspersión**.
- Por **hidropónico**.
- Por **nebulización**.

Abono

É calquera sustancia orgánica ou inorgánica que contén **nutrientes en formas asimilables polas plantas**, para manter ou incrementar o contido destes elementos: aminoácidos, esterco, compós, turba negra, extractos húmidos...



Pragas



Chámase praga a calquera ser vivo que é prexudicial para outro ser vivo. Hainas directas (cando a especie dana aos órganos da planta) e indirectas (cando as partes danadas da planta non son as que as persoas colleitamos, pero aféctana).

A agricultura ecolóxica resólveas co uso de substancias non agresivas, naturais e diversos métodos que as combaten sen comprometer a terra, os cultivos e os acuíferos.

ENTORNO E NATUREZA

Os nenos/as de 3ºA de Ed. Primaria traballaron arreo neste terceiro trimestre. Unha das actividades que fixeron, dentro do proxecto SEM, foi unha investigación sobre as plantas da nosa contorna, especialmente aquelas con propiedades medicinais.

Anímannos a percorrer en familia a beira do río Xuvia, onde existen moitas plantas con propiedades medicinais.

O bosque coida e conserva a riqueza do río Xuvia

Os bosques semellan gardar o río coma un tesouro. Este bosque caducifolio conta cun terreo moi fértil polas periódicas enchentes do río. Cumpre un **papel fundamental para axudar a conservar o noso río Xuvia**: as súas raíces fixan as marxes e evitan a erosión que provocarían as chuvias torrenciais, ademais de filtrar determinadas augas contaminantes; axudan a regular a temperatura das augas do río; serven de refuxio e despensa de alimento para moitos animais e facilitan a dispersión das especies ao comunicaren distintos lugares.



Herba pulgueira "Cannabina de auga"



Nome científico: Eupatorium cannabinum
Características: planta herbácea, perenne e robusta de 30-175cm de altura; cor avermellado ramificado na parte superior, cun agradable cheiro cando se corta. Flores tubulares de cor branco rosado ou purpúreo. O froito é de 2-3mm, marrón.
Propiedades: usouse na medicina popular para o tratamento da hepatite (Taiwán), a dor de cabeza, a diarrea, a hipertensión ou a diabetes mellitus. Tamén se usaba como desintoxicante para febres e arrefriados ou como laxante e diurético. En España está considerada legalmente como especie tóxica.

Lirio amarelo



Nome científico: Iris pseudacorus
Características: planta perenne provista dun bulbo con follas verdes, flores grandes dun 10cm, co cáliz e a corola de cor amarelo. A forma do froito lembra a un pemento de Padrón. Florece entre Marzo e Xuño.
Propiedades: antigamente tense empregado como adstrinxente e como potente catártico. Hoxe en día emprégase para provocar o vómito e para a dor de dentes (fregándoos cun anaco de raíz). Contén *irisina*, unha substancia tóxica, polo que para o seu uso cómpre consultar un médico.

Melisa



Nome científico: Melissa Officinalis

Características: herba perenne de talo herbáceo cun intenso aroma a limón cando se machuca. Florece no verán, dando lugar a flores cun cáliz e corola tubular de 2cm e de cor branco.

Propiedades: consúmese sobretodo en infusión para curar a dor estomacal, e tamén como repelente de mosquitos ou en aromaterapia. Emprégase tamén na reanimación de desmaiados e como calmante ou tranquilizante muscular.

Ortiga maior



Nome científico: Urtica dioica

Características: é a máis común do xénero Urticada, e acada entre 50-150cm. A súa característica máis coñecida é que produce unha irritación na pel cando se toca. Florea no mes de xullo e as súas flores son verdeamareladas.

Propiedades: é rica en sales minerais e vitaminas, polo que ten valor nutricional. Ademais, ten propiedades medicinais: analxésica, antialérxica, antianémica, antihistamínica, antinflamatoria, antirreumática, adstrinxente, cicatrizante, Depurativa, diurética e hermostática

Menta de auga



Nome científico: Mentha aquatica

Características: planta herbácea perenne moi aromática. As flores son de cor lila ou púrpura e florecen de maio a novembro. O froito é de cor marrón claro, de 1mm. Vive en zonas húmidas e en leitos de augas limpas, como ríos ou encoros. É nativa de Europa, do Noroeste de África e do Suroeste de Asia.

Propiedades: a menta acuática ten as mesmas propiedades que o poexo, que se emprega como dixestivo tónico.

Menta silvestre



Nome científico: Mentha suaveolens

Características: é unha matiña verde, máis ramificada cá menta común e cun recendo suave. As follas son verdes e moi engurradas; as flores son de cor branca ou ás veces malva e van en inflorescencias en espigas mestas.

Propiedades: moi coñecida no rural galego, ten moitos usos medicinais: infusións, aceite, para calmar o picor das ortigas, como herba de San Xoán, como estimulante estomacal e tamén como tónico analxésico e dixestivo.

Os nenos/as de 3ºB de Educación Primaria achegan un traballo realizado acerca do "Magnolio de Xuvia", conxuntamente cun debuxo e unha imaxe da devandita árbore.







O MAGNOLIO DE XUVIA

O magnolio de Xuvia é unha árbore moi especial. Se pensa que ten uns 225 anos e non se sabe moi ben cal foi a súa viaxe ata chegar a Xuvia.

Temos varias teorías, uns pensan que chegou dende Francia, outros que veu dende América, non importa, o máis fascinante é a súa vida con nós dende a súa plantación no século XVIII.

Na actualidade, esta árbore forma parte do Catálogo de Arbores Senlleiras da Xunta de Galicia e, ademais, está protexida polo planteamento urbanístico municipal

Ten un tronco de máis de 6,5 metros de perímetro e pertence a variedade grandiflora a que indica a gran tamaña das súas flores.

Sabías que...?

O magnolio é considerado un auténtico fósil viviente porque ten unhas flores tan primitivas, que cando se desarrollaron todavía non existían as abellas, polo que a súa polinización é realizada por escaravellos.

PRODUCIÓNS



Neste espazo, os nenos/as do FEAL presentan os froitos do seu duro traballo ao longo do curso, da súa creatividade, das súas ganas de sacar todo aquilo que levan dentro nun ano tan especial como foi este.



Aquí atoparemos cómics, reflexións, pezas teatrais, información sobre o tempo fealeiro, pisadas da Cultura Clásica nos nosos tempos... e moitas cousas máis!



O TEMPO LOCO DO FEAL

Nas aulas de infantil do cole temos unha grande diversidade de tempos, nalgunhas pasamos frío, noutras calor... A nós non nos importa, pois sempre estamos ben preparados para calquera situación.







AULA DE 3 ANOS

O TEMPO LOCO DO FEAL



AULA DE 4 ANOS





O TEMPO LOCO DO FEAL







AULA MIXTA

O TEMPO LOCO DO FEAL



AULA DE 5 ANOS



Os nenos/as de 6º de Educación Infantil iniciáronse na elaboración de relatos curtos, ilustrados por eles/as mesmos.





El esqueleto enamorado





A Tribo

El ojo negro











La araña quemada











Los niños salen a jugar









Os nenos/as de 1ºB de Educación Primaria levou a cabo un proxecto sobre os animais e os lugares nos que habitan dentro das actividades de formación do modelo SEM.





Visita virtual ao museo de historia natural







Traballamos en equipo e investigamos









Crearon os seus murais e puxeron en común os resultados das súas investigacións.









E o resultado de tanto traballo foron as nosas maquetas con diferentes animais e os lugares nos que viven.

O Feal dá vida

Os nenos/as de 2ºA e 2ºB de Educación Primaria aportan unha boa nova de última hora! Resulta que neste último mes, a familia do Feal aumentou con 2 novos poliños, Pichi e Sara, aos que eles mesmos incubaron e coidaron ata que se puxeron ben fortes!



Xornal
A ACTUALIDADE

Data: 30-5-2021

O nacemento de Pichí e Sara.

Pichí e Sara na incubadora.

Despois de esperar 21 días na incubadora e moitos nervios de todos nós, naceron os dous máis fortes, de 12, Pichí e Sara.

Os días 26 e 27 de abril de 2021 nas aulas de 2º do CPI do Feal foron os días máis lidos para os nenos, nenas e profes.

O Feal dá vida



















Amanda Rodríguez Macías, de 5ºC de Ed. Primaria sorpréndenos cunha fermosa historia en formato cómic. Agardamos que vos guste!

A CASA EMBRUXADA



O berro de Marta fixo tremer as paredes. Os seus amigas non paraban de rirse dela.

¡Pero se é só unha aranha!

Ha, há, há!

Mirade! Aquí hai unhas escaleiras.

Miguel, que sempre encontra todo, descubriu unhas escaleiras que daban a un pequeno soto.

No soto había unha cama de madeira, un armario bastante grande e un marco cunha foto de fondo branco.

Raquel, detívose a mirar o marco con máis atención. Entón, sen saber como, iluminouse algo no fondo branco.

Que!?

Que é esa casa?

Correde!




E coma se non houbera un maña, saliron pitando da casa..
Ahh!
Ahh!
Pero... Pero que era esa cousa!?
Non sei, parecía unha cara.
Ao día seguinte, despois da escola, volvéronse a reunir na casa para inspeccionala máis a fondo. Ao ser pola tarde todo viase mellor.
Miraron a casa un pouco, con máis detalle. Viron cousas das que antes nin se habían decatado. Ata que empezaron a oír voces que viñan das paredes.
Oh! Que ben se ve!
Uhh!
Uhh!
E cando por fin se disponían a saír da casa...
Ahhh! Socorro!
Raquel?

Lucía Soto Blanco, alumna de 5ºC de Ed. Primaria, aporta esta reflexión propia acerca do uso que facemos os seres humanos dos animais nos nosos laboratorios. .

OS ANIMAIS NOS LABORATORIOS

Os animais son seres que senten e sofren igual ca nós e o obxectivo ideal sería chegar a substituír o seu uso na investigación.

Os animais nos laboratorios son expostos a substancias e produtos prexudiciais para o seu estado físico. Os danos adoitan ser temporais, pero tamén os poden levar á morte, xa que experimentan con eles. Algúns dos animais máis comúns son: ratas, cans, gatos, hámsteres, etc.

A tecnoloxía das células nai da grandes esperanzas, non só para a medicina senón tamén para reducir de forma drástica o uso de animais de experimentación.

Para ese tipo de experimentos, existen unhas máquinas especiais que cambian os animais por células. Nalgúns lugares, os experimentos con monos xa necesitan un certificado especial. Iso axuda a non ver tan frecuentemente monos en laboratorios.

Eu opino que non é necesario que estes animais o pasen mal, xa que queremos saber se o produto é bo para as persoas, non para os animais.

É necesario que haxa unha regulación e un control estritos da experimentación animal a nivel de todo o planeta.

Os alumnos/as de 6ºA de Ed. Primaria achegan unha pequena peza teatral na que se contan as aventuras e peripecias que lle ocorren a un grupo de 6ºA do Feal. A ver quen se anima a interpretala!

AS TOLERÍAS DE 6ºA

Personaxes

Ángel
(amante da lectura)





Alejandra
(deportista de nacemento)

Andrea
(a chulita da clase)



A Tribo

AS TOLERÍAS DE 6ºA

Personaxes

Paula
(a máis "borde")





Xoán
(o pacífico)

Marcos
(ansioso, nervioso)



A Tribo

AS TOLERÍAS DE 6ºA

Personaxes

Mario
(o profe "mago")





Jose
(amante dos animais)

Candela
(a "pelota" da clase)



AS TOLERÍAS DE 6ºA

Acto I

É unha mañá do mes de Abril no CPI do Feal. Os nenos/as de 6ºA teñen un exame de Lingua galega e ninguén estudou, motivo polo cal todos están moi nerviosos. Ata Andrea (a *chulita* da clase) está nerviosa!

Xa na aula, cos alumnos/as intentando resolvelo, entrou una mestra que quería falar con Mario (o profe); aproveitando que estaban fóra falando, Ángel e Andrea aproveitaron para copiar as respostas do exame que tiña o profe na súa mesa.

Cal foi a súa mala sorte? Pois que o mestre entrou na aula e pillounos.

PROFE MARIO: Que facedes copiando do meu exame?

PAULA: Non, profe, foi un accidente. Como temos as ventás abertas para ventilar, o exame caeu ao chan e estabámolo recollendo.

Os outros estudantes continuaron facendo o exame ata que terminou a primeira persoa, Candela.

CANDELA: Profe, xa rematei.

PROFE MARIO: Vale, deixa o exame na miña mesa.

CANDELA: (deixa o exame na mesa con seguridade) Este exame foi demasiado fácil.

Todo o mundo a mirou e comezou a protestar porque se fixo a chulita. Unha vez rematado o barullo, lentamente todos van deixando os exames na mesa.

Ao día seguinte, o mestre entra na aula disposto a entregarlles as notas aos alumnos/as. Todos estaban moi nerviosos...

MARCOS: (fala con Xoán en baixiño) Pregúntome que sacaría no exame... Estou moi ansioso.

O profe prepara o taco de exames na súa mesa para empezar a repartilos, mentres que todo o mundo está tirando avións de papel polo aire. Cansado de tanto ruído, intervén.

PROFE MARIO: Como non paredes de facer ruído e falar, non direi as notas en alto (foi dicilo e, de súpeto, calar toda a clase, así que o mestre empezou a repartir os exames e dicilas notas en alto...). Ángel (0,1), Andrea (0,1), Marcos (3,75), Jose (2,25), Candela (3,99), Xoán (3,71), Paula (1,25) e Alejandra (2,57).

ANGEL: Un suspenso? Non sei por que suspendín! (vociferou asustado).

ANDREA: Eu tampouco o entendo. Non fixen nada mal.

MARCOS: (tremendo) Vanme matar meus pais! Que vai ser de min?

JOSE: Pois a min dáme igual, o único que me importan son as miñas mascotas.

CANDELA: (choromicando) Profe... Que fixen eu? Estudei moitísimo... non podo suspender.

XOÁN: Non pasa nada, só é un suspenso nun exame, non é para tanto Candela.

PAULA: (berrando, indignada) Profe, es unha mala persoa! Iso non se fai!

PROFE MARIO: Iso vaiche custar unha visita ao despacho do director, xa!

PAULA: Pero por que? Eu non fixen nada!

ALEJANDRA: (allea á bronca que estaba a levar Paula, interrompe...) Daríaseme mellor se fose un exame deportivo, niso nunca fallo.

PROFE MARIO: (con ton sarcástico) Ben... Gústanvos as vosas notas?

TODOS (ao tempo): Non!

PROFE MARIO: Pois para a próxima estudade máis e copiade menos. Lección aprendida! A ver se pensades que non me decatei de que copiástedes (sae dando un portazo).

Acto II

Chega a hora do recreo e todos están xogando ao baloncesto. A mala sorte cébase coa clase de 6ºA, pois a pelota coa que están xogando cae enriba da lúa dun coche do aparcamento do cole. Cheos de medo, volven correndo para a aula para non seren descubertos.

Logo dun anaco na aula, o mestre consulta o seu teléfono e le unha mensaxe no grupo de mestres. Unha lúa dun coche estaba rota na zona máis próxima a onde os nenos de 6ºA estaban no recreo...

PROFE MARIO: Acaban de atopar unha lúa dun coche do aparcamento rota, vós sabedes algo?

TODOS (ao tempo, medorentos): Non, non sabemos nada.

PROFE MARIO: (desconfiado, ao ver que todos contestaran á vez, empeza a preguntar) Pois se ninguén di quen foi, terei que ir ver as cámaras de seguridade do colexio para saber quen o fixo.

JOSE (querendo librarse): Profe, querido... Fíate de nós, non fai falta que revises as cámaras de seguridade... Porque nós non fomos, xurámolo.

PROFE MARIO: Entón, se non fóstedes vós... Quen foi? O veciño?

ANDREA: Claro! Teñen dous nenos pequenos... Puideron ser eles e escapar para non lles rifaran.

PROFE MARIO: Si...claro, Andrea, ti pensas que nacín onte?

ANDREA: Pois... Depende.

PROFE MARIO: Andrea, es a seguinte, inmediatamente ao despacho do director.

ANDREA: Atrévete a levarme.

PROFE MARIO: Estasme retando? Sabes que levas as de perder?

ANDREA: Si, seino perfectamente, pero non creo que perda...

PROFE MARIO: Ai si? Pois agora faremos un exame de Mates todos, por cortesía de Andrea. A ver se agora vos rides tanto.

ALEJANDRA: Grazas Andrea, agora temos un exame de Mates que teríamos a semana que ven.

XOÁN (confiado): A ver... Se nos pon o exame, de seguro, aprobamos. Calmádevos.

ANDREA: Veña, atrévete!

Cando o mestre saíu da aula... Os alumnos/as saen á carreira e escóndense nun recuncho do patio. Ao non localizalos nesa hora, os moi espabilados/as libraron do exame e saíronse coa súa. Falta saber como conseguiron salvarse do episodio coa lúa rota do coche.

Continuará...

Os alumnos Daniela Lage Pedre e Xavier Picos Cibreiro, de 1ºB e 1ºC (ESO) respectivamente, achegan os seus traballos en formato cómic sobre Lucy Boynton e Malala.. Agardamos que sexan do voso agrado!



MALALA: un soño en proceso



Do mesmo xeito, Iván López Pazos, de 1ºB da ESO quixo honrar a carreira deportiva de Ana Peleteiro, atleta galega que representará a España nos xogos olímpicos de Tokio 2020, por medio do seguinte cómic.



Ao longo do curso, o alumnado de 3º ESO participou en diversos retos propostos na aula virtual de Lingua Castelá. Un deles foi a elaboración dun poema colectivo: cada alumno aportaba un verso para unir ao fío iniciado no foro. Este foi o resultado (traducido ao galego para a revista). Grazas a todos os que se involucraron nas diferentes actividades (Mar G.).

Poema colectivo

A VIDA

A vida é un ancho río que debemos cruzar.
Ás veces é difícil, pero pouco a pouco podémolo lograr.
A vida é alcanzar os soños que un día deixamos atrás:
tentar converter eses soños en realidade.
Gozar, rir e mirar sempre cara adiante.
E, se non o conseguimos, volvelo tentar
porque sempre te podes levantar e continuar
Pero o máis importante sempre será amar.



O máis difícil da vida é sentir que todo sae ao revés.

Que non ven o que ti ves.

O máis duro da vida é traballar ata matarte

e non ter nin para comer.

O máis duro da vida é esforzarse ao máximo

e non conseguir nada.

O máis duro da vida é que te fagan sentir algo que non es.

O máis duro da vida é amar e non ser amado.

O mellor da vida é ver os teus retos alcanzados.

O mellor da vida é valorar os teus resultados.

O mellor da vida é cada paso dado.

O mellor da vida é que nunca te deixen de lado.

Facer as cousas o mellor posible: iso é o mellor da vida.



O mellor da vida é recibir recompensa tralo duro traballo.

O mellor da vida é non decaer.

Ver como cumples os teus soños é o mellor da vida.

O mellor da vida é estar acompañado.

Que che arrinquen un sorriso é o mellor da vida.

O mellor da vida é gozar de momentos inesquecibles.

O mellor da vida é ter a alguén en quen confiar.

Estar cos seres queridos é o mellor da vida.

O mellor da vida é... VIVILA.



Carpe Diem

O alumnado de 1º e 2º da ESO participou este ano no II Concurso de Microrrelatos "Ninguén é unha illa", homenaxeando ao doutor Álvaro Paradela no 110 aniversario do seu nacemento. Velaquí os relatos gañadores!

O virus da risa

Ninguén é unha illa, pero hai situacións onde as persoas se teñen que illar, por exemplo...

Hai uns 504 anos unha persoa empezou cunha risa moi repentina, coa mala sorte de que era ano vello.

Como en ano vello nos xuntamos moitísima xente, contaxiou a 23 persoas e cada unha delas a 72 máis aproximadamente. Non se sabía que existise ese virus e non lle daban importancia; non podías parar de rir en ningún momento, nin sequera en situacións serias, tristes...

Ata que os científicos descubriron que era unha enfermidade. Non investigaran nada sobre ela, pero cando se deron conta da súa importancia, xa que se volveu incontrolable, comezaron a pescudar cal podía ser o seu tratamento. Pasaron días, meses, ata anos e a enfermidade cada vez ía a máis, ata que un día un infectado viu unha película de risa e riu tanto que lle saíu lume pola boca.

Comentouno aos médicos, e a nova estendeuse polo mundo enteiro.

Estaba curado, xa pararа de rir, así que o tratamento era efectivo e era ver películas de risa.

Gema Díaz González, 1º Premio (1ºA)

A pomba

Ninguén é unha illa...

O ano 2020 non foi un ano normal, para nada. Son unha pomba que vive nunha cidade con outros milleiros de pombas moi semellantes a min. En marzo do ano 2020 notamos que a xente non saía a traballar, nin os nenos á escola, tampouco os avós que nos levaban pan todos os días. Que estaba pasando? Por que as rúas estaban baleiras e silenciosas?

Unha enfermidade nova, a covid, meteu á xente nas súas casas das que só saían ao imprescindible. As pombas, estrañadas, dabamos voltas nunha cidade que non recoñecíamos como nosa, tan triste e baleira como estaba. Eu botaba moito de menos aos meus "amigos", unha parella de anciáns que todas as tardes traían comida para min e o resto das pombas. Ía sempre á mesma hora e ollaba pola fiestra da casa onde vivían esperando velos, ata que xa no mes de maio vin á muller, soa, moi delgada e triste. Piquei no vidro da ventá para facer ruído e que me vise. Ela levantou a vista e sorriu. "Miña pombiña bonita, acordábaste de nós?" – dixo con tristura. Agora serei eu soa quen che dea de comer.

Aquel fermoso día do mes de maio entendín que a covid non era só silencio nas rúas e tranquilidade. Era tamén tristura e soidade.

Andrés González Martínez, 1º Premio (1ºB)

Eu sei de quen...

Ninguén é unha illa, mais eu sei de quen si é unha illa, e non só nestes tempos difíciles.

Eu sei de quen leva illada a metade da súa vida, sempre confinada, sempre presa no seu fogar; coñece outra vida, pero xa non é quen de lembrala; coñece o amor, pero xa non é quen de sentilo de novo; viu o mar cos seus ollos e mollou os pés na praia...

Pensamos que o confinamento foi duro, mais eu sei que temos moito que agradecer, porque cando todo acabe, e regresemos á nosa vida, eu sei de quen seguirá illada, o seu confinamento non vai por horas, o seu confinamento non ten un día de remate coma o noso. Nós poderemos ir mollar os pés á praia, poderemos namorarnos e ver a nosa vida pasar...

Maite Sánchez Primoy, 1º Premio (2ºC)

Aquí deixamos algunhas fotografías dos gañadores dos microrrelatos das 3 categorías:



De esquerda a dereita: Enrique Sánchez (mestre do CPI do Feal), Manuel Freire Cagiao (1ºA) e Gema Díaz González (1ºA)



Raquel (mestra do CPI do Feal) e Andrés González Martínez (1ºB).



Adrián Novo Filgueira (2ºC).



Raquel (mestra do CPI do Feal) e Iván López Pazos(1ºB).

O alumnado de 3ºB e 3ºC da ESO participou nun traballo de investigación en torno á relación entre as marcas de produtos actuais e os termos clásicos antigos! Velaquí algúns resultados:

Nike



Inspirada en "Niké", que é unha deusa grega da vitoria,
para reflexar os valores dos seus produtos deportivos. O logotipo da marca é a á de Niké.



Canon





En 1984, a marca dixital lanzou as súas novas cámaras EOS, que non só é o acrónimo de "Electro Optical System", senón tamén o nome da deusa grega, Eos.

Danone "Oikos"

DANONE OIKOS

Este termo grego significa "casa", e a empresa Danone adoptouno para a súa liña de iogur grego, o cal saíu ao mercado no ano 1997 en España, estendéndose máis tarde a máis de 13 países, o cal obviamente é publicitado polos deuses.

Ajax



Ademais de dar nome a un equipo de fútbol nos Países Baixos, con este nome designase a diversos produtos de limpeza de Colgate Palmolive. "Ajax" foi un heroe da mitoloxía coñecido como "O grande", e formou parte dos personaxes de "La Ilíada".

Helios

A famosa marca de marmelada toma o seu nome da mitoloxía grega. "Helio" ou "Helios" é a personificación do sol. É o titán fillo dos titáns Hiperión e Tea, e irmán da deusa Selene, a lúa, Eos, a aurora e o deus Titán.



Conducía un carro polo ceo ata que chegaba a noite. O seu equivalente na mitoloxía romana é o sol.

Pegaso

A marca de automoción usa o nome do cabalo alado para as súas creacións. Na mitoloxía grega, "Pegaso" era un cabalo con ás. Foi o primeiro cabalo que chegou a estar cos deuses e, ademais, era o cabalo de Zeus, deus do ceo e da terra. Adoita representarse en branco ou negro e ten dúas ás; cando voa move as patas como se, en realidade, estivese correndo polo aire.



Aquarius



Esta famosa marca de refrescos creada en Xapón toma o nome do latín "*aqua*", que deriva ao castelán como "agua", do sufixo "arius", cuxo fin é indicar a pertenza.

Nivea



A coñecida marca de cremas e produtos cosméticos provén dun vocablo do latín que significa "neve branca".



Versace Eros



Versace é unha casa de moda italiana que distribúe diferentes produtos de luxo. "*Versace Eros*" é unha fragancia do grupo Versace moi popular entre homes. "Eros", fillo da deusa Afrodita, deus do amor e da atracción sexual. Se Versace quería transmitir unha sensación de sensualidade elixiu ao deus perfecto.



Sephora

Sephora é unha coñecida marca de cosméticos de orixe francés. Tomou o seu nome baseándose no vocablo "*sephos*", que en grego significa "fermoso".

Ismael Rios Domínguez, alumno de 4ºB de ESO, aporta esta reflexión propia, agora que deixa o centro, acerca da lacra que supón a violencia de xénero no noso país e no mundo enteiro.

Violencia de xénero

Aínda que eu, sendo un home, non debería falar da causa deste feito dende o punto de vista feminista, tendo todas as facilidades, no día a día, sen ningún vello e non tan vello, mirándome o cú ou as tetas, vou falar da violencia de xénero.

Violencia de xénero: non é só o acto de pegar ou empurrar a unha muller, xa que un dos *maltrates* máis dados e comúns, instaurados nesta sociedade, desgraciadamente, é o psicolóxico.

Unha pena, dentro dunha sociedade que se preza de libre e igualitaria, porque algúns "onvres" (sen h e b), non son nin libres nin xustos, son "homo habilis" con capacidades reducidas; os seus actos desprezables non teñen cabida dentro da nosa civilización. E, aínda así tolerámolos, porque non é coincidencia que canto máis crece o movemento feminista máis soben os partidos ultraconservadores, aqueles que tanto presumen de bandeira no pulso e a Constitución na man, e un dos seus obxectivos non é, precisamente, a defensa do feminismo.

Ante todos estes individuos deshumanizados, sen empatía, non hai que calar porque non é tolerable que as miñas amigas saian con medo á rúa a calquera hora ou leven un tipo de roupa, sendo por iso obxecto de agresión.

Somos nós, os rapaces, os que cos nosos actos imos decidir que se sigan aceptando estes comportamentos. Por iso, se non entendes a causa, es parte do problema.

(Dun alumno que se vai para os que veñen).

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

Nesta sección, o alumnado aporta as súas reflexións e inquedanzas neste curso felizmente superado, sen dúbida un dos máis duros que recordaremos. Distancias de seguridade, máscaras, xel hidroalcochólico, termómetros, aulas burbulla, mamparas... Noraboa a todos/as polo voso esforzo e paciencia!

A miña experiencia como asistente ás clases a distancia durante o período que estiven infectada (e, por tanto, confinada) non estivo tan mal como eu pensaba.

Foi un cambio bastante grande, estando acostumada a estar na clase a de repente verte na túa casa e interactuar cos compañeiros/as por videochamada...

O certo é que cando, por fin, me puiden volver a incorporar á aula vía a todos/as moi cambiados/as e dinme conta de que podes botar moito de menos a alguén cando menos o esperas. Sinceramente, nese momento entendín que prefería moito máis estar na clase a estar na casa. Claramente, non era o mesmo; e non o era por moitos motivos: a veces había fallos de conexión, non era sinxelo alternar as quendas de palabra cos compañeiros/as (o audio chegaba con retraso)...

Eu, por sorte, estiven un mes na miña casa case sen síntomas, só perdín o gusto e o olfacto; houbo persoas que o pasaron moito peor cá min.

En conclusión, non sufrín tanto como podía pensar, pero botaba moito en falla aos meus compañeiros/as e en todo momento estaba desexando volver á clase.

Uxía César López (6ºA)

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

No mes de novembro, nas clases de Lingua Castelá de 2º de ESO, traballamos o tema das emocións, a partires da análise do que supuxo nas nosas vidas o 2020: un ano complicado e moi estraño para todos. Estas foron algunhas das respostas do alumnado:

a. Como viviches a noticia da declaración do Estado de Alarma (14 de Marzo)?

- Recibín a noticia no autobús, camiño da casa e, a verdade é que todos quedamos un pouco sorprendidos, pois nese momento non pensabamos que o virus chegaría ata Galicia (Ainhoa Campos, 2ºA).

- A noticia chocoume bastante, porque dun día para outro non podíamos saír da casa. Ao principio, na primeira semana, estaba moi contento, porque non tiñamos deberes e podíamos facer o que quixeramos durante o día. Aínda que despois funme dando conta de que era moito mellor a vida de antes: botaba en falta xogar ao fútbol! (Rafael Pazos, 2ºB).

- Cando o 14 de marzo anunciaron o Estado de Alarma, en principio tomeino a broma, pero despois cambiei de opinión. Non entendía que pasaba: os primeiros días soñaba que estábamos na casa, sen poder saír á rúa, nin ir ao colexio, nin a fútbol. Espertaba asustado pero, en realidade, non era un sono: era un pesadelo, porque era verdade (Hugo Rodríguez, 2ºB)

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

b. Que actividades facías durante o confinamento de marzo-abril?

- Durante o confinamento volvinme tolo cos deberes: xa non sabía nin que facer! Polas tardes facía exercicio, xogaba co meu irmán, fixemos limpeza de todo. Non me podo queixar, pois diversión non me faltou: ata fixen unha cabana. Cociñei pratos e aprendín a valorar as cousas (Elena Rodríguez, 2ºB).

- Para non aburrirme, durante os meses de confinamento facía chamadas e videochamadas cos meus amigos e familiares, exercicio, xogos en familia...(Sara de Sousa, 2ºB).

- Unha das cousas que facíamos sempre era, ás oito da tarde, saír a aplaudir na honra dos sanitarios (Celtia Bedia, 2ºA)

c. Sensacións trala volta ao colexio?

- As miñas emocións ao volver ao colexio foron: felicidade, por ver aos meus compañeiros; medo, polo contaxio; tristeza por volver a traballar; e ansiedade, polas pantallas de protección (Rubén Boado, 2ºA).
- Alegreime moito de volver ao cole: necesitábao, necesitaba volver á vida de antes, a reencontrarme cos meus amigos e profesores, en definitiva, seguir coa miña vida de sempre (Hugo Naveira, 2ºB).
- A volta ao cole foi moi emotiva: estaba nerviosa e ansiosa por ver aos meus compañeiros, pois estrañábaos un montón. Ao longo de todos estes meses tiven unha mestura de sensacións: pena, desesperación, felicidade, ansia, intranquilidade (Nahiara Alvariño, 2ºA).

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...



d. Como esperas que remate 2020?

- Desexo que este ano diferente remate pronto, con toda a familia ben e que o 2021 traiga unha vacina e poidamos quitar as máscaras, pantallas e esquecer a distancia de seguridade. NECESITO BICOS! (Lidia Rodríguez, 2ºB).

- Espero acabar ben o 2020. Creo que vai ser un final "feliz", que non vai a pasar nada máis preocupante: non vai ser un final Disney, pero si bo. Polo menos saco unha ensinanza: sempre nos queixamos da nosa vida cotiá, pero case sempre é a mellor opción (Bruno González, 2ºA).



CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

A MIÑA VIDA NA PANDEMIA

Creo que nunca esqueceremos esta pandemia que aínda, hoxe en día, estamos vivindo. Sempre nos lembraremos do coronavirus como aquel bichiño que non se vía, pero que matou xente e cambiou, de feito, as nosas vidas.

O 14 de marzo de 2020 acabáronse os bicos e apertas, as visitas das persoas que máis queremos... Aquel 14 de marzo comezou o confinamento. Recordo todas as tardes aplaudindo pola ventá, con tixolas e culleres, coa música a todo volume, dando as grazas aos médicos, ás médicas, enfermeiros/as polo seu traballo e esforzo. Despois de facer isto, meus pais e máis eu íamos subir e baixar escaleiras do noso edificio para facer exercicio.

Non pensei que o confinamento duraría tanto tempo, eu cría que en quince días todo volvería á normalidade, que poderíamos volver aos supermercados, ao colexio, etc. Pero non foi así.

Pasaron os quince días, e despois outros quince. Ao final, convertéronse en máis dun mes, e nós alí, pechados nas nosas casas.

Por suposto, tamén me acordo do 26 de abril, cando por fin, puidemos volver saír á rúa, aínda que só fora para dar paseíños moi curtos. Eu estaba coma unha tola, dando viravoltas e berrando: Son libre!

Unha das cousas que máis detesto da pandemia son as máscaras. Non podes case respirar con elas! E sempre tes que estar pendente de levala posta! Espero que o vindeiro ano todo volva estar como antes, que xa poida haber reunións familiares no Nadal e que no próximo curso xa volvan as excursións!

Amanda Rodríguez Macías (5ºC)

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

A MIÑA VIDA NA PANDEMIA

Para min estes tempos de pandemia son difíciles, actualmente estou algo máis tranquila, pero cando se descoñecía que era, como tratalo, cando se ía encontrar a vacina, se íamos quedarnos moito tempo na casa... Eran moitas as dúbidas que me poñían moi, moi nerviosa, pero o que máis me preocupaba era contaxiar á miña familia: a miña nai, ao meu pai, pero sobor de todo aos meus avós. Era frustrante para min non poder ir á escola, non ir ás miñas actividades extraescolares, non poder quedar cos meus amigos, só podelos ver por videochamada, ou escoitalos polo teléfono... ¡En fin, levar a miña vida normal!



Dentro de todo, a miña vida tanto tempo encerrada na casa non me preocupaba tanto porque vivo nunha casa familiar de campo, ¡dábame a vida! Neste tempo tiven unha coelliña que se chama Pepa, coidábaa e xogaba con ela, iso pola tarde, pero pola mañá era algo como ir ao cole, facía deberes que me poñía mamá, algún exame como no cole, pero nada que ver con ir ao cole, ¡quen me ía dicir que botaría de menos aquelas pequenas cousas como ir ao recreo, apuntar os deberes, falar cos meus compañeiros...! Botábao moito de menos!

Logo, máis adiante, xa deixaron saír, e a pesar de ter esa casa grande, non sabes como me gustou, aínda que fora nunha hora determinada, ir dar un paseo ao redor da mazá do meu barrio, coa miña cadeliña Lúa. Cando volvíamos do paseo, un anaco máis tarde, ás oito, íamos aplaudir aos sanitarios que tanto nos estaban axudando.

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...

Eu, para non esquecer a miña gaita tiven unha idea, tocaría todos os días unha canción á hora de aplaudir, e así foi.

Pasou o verán, despois debatendo e debatendo, os políticos chegaron ao acordo de que volveríamos ás aulas, iso si, con máscara e xel hidroalcohólico. Estaba moi contenta, pero por outro lado moi preocupada, estaba feliz por volver por fin ao cole e, moi, moi preocupada porque sabía que o virus seguía aí e que o podía contaxiar á miña familia, ese era o temor que eu tiña. Tamén deixaron que volver a fluír a ilusión nas canchas de baloncesto, pero... Outra vez eses dous sentimentos, pero tiña o consuelo de que hai menos risco de contaxiarse facendo deporte.

Xa viña o Nadal, moi distinto para todos, sen que puidera asistir a xente ás badaladas e con toque de queda á unha da madrugada. Ademais, todos os anos (sen covid) comíamos na planta de abaixo a cea de Nadal, que prepara miña nai, cos meus avós, pero por precaución non ceamos con eles porque recordemos que o virus seguía aí.

A mediados de xaneiro, a federación galega de baloncesto, deu a nova máis esperada: que lles permitían volver a todos os equipos a competir outra vez, despois de tantos meses... Por fin! Pero con máscara, que horror! Non vos podedes imaxinar como cansa iso, pero se o permitían así, non nos podíamos queixar, porque o covid-19 segue.

Eu ía pouco a pouco recuperando algunhas actividades diarias e seguindo a miña vida na pandemia.

Agora xa vacinaron aos meus avós, eu estou acabando o colexio e ninguén da miña familia é positivo, así que agora xa estamos un pouco máis tranquilos.

CURSO COVID? ASÍ ME SENTÍN...



Pero se a xente se "desmadra" da maneira que estamos vendo nas novas, isto nunca acaba, parece que non aprendemos suficiente.

Por desgraza hai un virus chamado covid-19 que matou a moitísima xente, así que hai que seguir facendo caso aos sanitarios porque se todos aportamos o noso graoíño de area, é dicir, se todos facemos o que nos din os especialistas e sanitarios, cumpriremos o noso desexo, máis, máis desexado do mundo, e que eu creo que o queremos todos: que xuntos saiamos desta pandemia e poidamos recuperar a vida de antes, esta vida que tanto botamos de menos.

Irene Montero Fraga (5ºC)

DESPEDIDAS

Moitos anos pasaron dende que moitos de vós entrástedes por primeira vez neste colexio. Durante todos estes anos, medrástedes e madurástedes ata convertervos nas persoas especiais que hoxe sodes. Uns acabades unha etapa, outros dades por rematado o voso paso polo centro... Esta sección é exclusivamente para vós.

- O meu primeiro día de primaria eramos tres deste colexio nesta clase e deses tres eu era a única nena, pero fixen moitas amizades. Sempre tivemos unha titora, pero en 5º e 6º tivemos un titor. Unha aperta para todos! (Sabela Álvarez, 6ºA).

- Un dos meus mellores recordos é nos recreos antes da pandemia, cando estabamos coas nenas de 1º e facíamos cabanas debaixo das árbores e nos pelexábamos polas piñas(Lucía Alves, 6ºA).

- Marcho para a ESO e deixo Primaria, quero despedirme dos meus compañeiros e dos bos momentos de risa xuntos; tamén das tonterías e momentos de vergoña e, por suposto, do meu profesor (Xavi Amado, 6ºA).

- Encantoume compartir os enfados, choros, emocións e demais con vós. Tócanos despedirnos! (Assier Blanco, 6ºA).

DESPEDIDAS

- Principalmente quero dar as grazas a todos os compañeiros de clase por estes 6 anos. Aínda que as máscaras nos dificultaran as apertas e as actividades que non puidemos facer este último curso, fun feliz. (Mara Cabarcos, 6ºA).

- Eu lévome moitos recordos fermosos, tanto cos profesores como cos meus compañeiros. Este paso non é fácil dende Primaria a ESO, para min son como a miña familia, quérovos moitísimo. (Sara Cagiao, 6ºA).

- Recordo os primeiros anos con lentes que, por sorte, mas quitaron en cuarto; tamén cando cantabamos en segundo a canción de feliz aniversario en brasileño. En sexto de primaria mercamos entre todos unha mascota de aula, un cabalo, o noso amigo fiel. (Iker Carral, 6ºA).

- Nesta despedida quero lembrarme dos cotillas da miña clase. Recordo cando nos coñecimos por primeira vez, cando sentimos que eramos compañeiros de verdade. Despois destes 6 anos xuntos, tócanos despedirnos. (Uxía César, 6ºA).

- Nesta despedida quería dicirlles algo aos meus compañeiros/as: botareimos moito de menos, foi unha gran honra estar con todos/as en Primaria, espero que pasedes un bo verán e vémonos na ESO! (Amanda Díaz, 6ºA).

DESPEDIDAS

- Adeus Primaria, adeus a todas as risas e momentos incribles que pasei cos meus amigos e convosco; Primaria, adeus tonterías e recreos con risa e xogos, por iso te quero tanto querida Primaria (Pablo Díaz, 6ºA).

- Despois de 6 anos ao voso lado, con recordos, risas e tamén enfados, agora tócanos despedirnos. (Carla Docal, 6ºA).

- Voume de Primaria, encantoume estar con todos os meus compañeiros, especialmente naqueles traballos grupais dos últimos cursos coa miña amiga Mara. (Cristina Escudero, 6ºA).

- Pasamos unha etapa da nosa vida, quizais a mellor neste colexio. Grazas compañeiros polos bos momentos, tamén grazas aos profesores por uns dos mellores momentos da nosa vida (Gabriel Fernández, 6ºA).

- Dáme moita pena despedirme dos meus compañeiros, porque xa levo con eles desde os 6 anos, e con algúns desde os 3, e aínda que non nos separemos todos, non vai ser o mesmo (Ángela Fernández, 6ºA).

- Entrei nova en 1º, coñecín a uns compañeiros moi importantes para min, e agora que estou rematando a etapa de Primaria para ir á ESO, quería dicirlles que aínda que nos separen de aula sempre estaremos en contacto (Zayra Fernández, 6ºA).

DESPEDIDAS

- Lémbrome de cando en 2º cantabamos en brasileño o feliz aniversario, de cando mercamos un cabalo como mascota de 6º... Espero non esquecerme nunca de todos os momentos de Primaria. (Uxía Ferreiro, 6ºA).

- Entrei no colexio con 2 anos, en 3º coñecín aos meus actuais compañeiros. Estou a piques de pasar á ESO e aínda que nos separen, seguiremos sendo amigos (Laura Fraga, 6ºA).

- Voume para a ESO. Encantoume estar en Primaria, aínda que foi bastante duro. Era moi divertido estar cos meus compañeiros; rímonos moito todos os anos e non houbo case días sen diversión. Agora marcho, adeus! (Daniel Froiz, 6ºA).

- Adeus... Voume cara á ESO; só quero dicir "grazas" aos profesores que nos ensinaron e tamén aos compañeiros que me fixeron rir. Saúdos e grazas! (Manuel López, 6ºA).

- Botarei de menos Primaria, pero espero coñecer máis amigos/as, e facer máis actividades, teremos máis materias e máis cousas que facer, pero nunca esquecerei esta estaba; despídome cunha forte aperta (Lorena Primoy, 6ºB).

- Este ano remato Primaria e paso á ESO, onde terei moitos retos, pero nunca esquecerei as experiencias, aventuras, os amigos e tampouco os profesores que me tiveron que aguantar. (Adriana Nieto, 6ºB).

DESPEDIDAS

- Este último ano foi un pouco complicado, pero estou orgullosa de coñecer amigos novos e pasalo igual de ben que todos os anteriores. Con isto despídome, adeus Primaria, comezamos unha nova etapa. (Yanira Iglesias, 6ºB).

- Adeus Primaria, botarémoste de menos, gracias por ensinarnos tantas cousas. (Wanda Araque, 6ºB).

- Adeus Primaria, botareite de menos. Grazas por facerme feliz en moitos momentos, grazas por facerme coñecer novos amigos. Agora chega a etapa da ESO, onde farei novos amigos/as e momentos felices. (Adriana Martínez, 6ºB).

- Adeus Primaria. Botarei de menos esta etapa que me fixo pasar tantos momentos bos. (Sabela Manso, 6ºB).

- Adeus Primaria, botareite de menos, encantáronme estes 6 anos, non os esquecerei endexamais. Agora teño que empezar unha nova etapa, a ESO, e espero que sexa tan divertida como a Primaria; terei novos amigos/as e novos profesores/as. Adeus Primaria! (Daniela Iglesias, 6ºB).

- Adeus, vou botar de menos os momentos que eu pasei aquí. Nada... Pero nada! será o mesmo, novos profesores, novos amigos/as, novos recordos... Nada será o mesmo! Adeus! Quérovos moito! (Hugo García, 6ºB).

DESPEDIDAS

- Adeus Primaria, botareite de menos e moitísimo. Nunca esquecerei esta etapa tan bonita e marabillosa. (Leonel García, 6ºB).

- Adeus Primaria, grazas polos momentos divertidos como: a obra de teatro de 3º, a canción de final de curso "a galiña azul" ou os peixes de 1º, as eirugas de 3º, as carreiras de final de curso cando nos mollábamos coas botellas, as vodas no patio e as excursións ao Pazo da Cultura, as voltas en bici... Por todos eses momentos, grazas! . (Bernabel Menéndez, 6ºB).

- Este anos vannos separar, botareivos moito de menos. Pasaremos de ser os maiores de Primaria a ser os pequenos da ESO. Adeus Primaria, adeus 6ºB e grazas por facer que este curso tan complicado fora tan divertido. Deséxovos moita sorte, quérovos moitísimo! (Celia Orosa, 6ºB).

- Primaria, unha das mellores etapas da miña vida. Botareite de menos, Primaria! (Adrián Hermida, 6ºB).

- A Primaria remata e a ESO empeza con novos retos e amigos, pero sempre recordarei o tempo que estiven aquí e os profes que tiven (Cinthya Paz, 6ºB).

- Botareite de menos, Primaria, ensináchesnos moitas cousas e fixemos moitos amigos marabillosos, pero xa se acabou e tócanos marchar (Enya Magallón, 6ºB).

DESPEDIDAS

- Adeus Primaria e ola Secundaria, grazas por todo, botarei de menos esta etapa, nunca esquecerei os momentos que pasaron. (José Ángel López, 6ºB).

- Este é o final dunha etapa chea de experiencias, pero é o comezo dunha nova, benvida Secundaria! (Tania López, 6ºB).

- Adeus Primaria, botareite de menos e sempre te recordarei; aprendín moitas cousas e fixen moitos amigos. Un gran saúdo! (Víctor García, 6ºB).

- Adeus Primaria, botareite de menos. As túas aulas, profesores, materias... Ensináchesme moito, fixen moitos amigos/as... Endexamais esquecerei o que me ensinaches. Un gran saúdo! (Brais López, 6ºB).

- Botarei de menos Primaria, pero faime feliz pasar de etapa escolar. Nunca esquecerei os momentos divertidos, aos profesores e aos meus compañeiros. E creo que estes últimos días de colexio foron moi divertidos. (Nerea Martínez, 6ºB).

- Adeus Primaria, botareite de menos, pero empezarei unha nova etapa na ESO, onde coñecerei máis amigos e profesores (Sabela Paz, 6ºB).

- Aquí coñecín aos mellores profes do mundo! Mellorei as notas, aprendín moito, rinme coa xente, xoguei con eles, fixemos cousas divertidas, participamos en proxectos moi interesantes... Foi xenial! (Noa Rodríguez, 6ºC).

DESPEDIDAS

- A Primaria foi a mellor etapa da miña vida, sen dúbida. Aprendemos a valorar as cousas como se merecen, os profes... Ás veces os nenos/as comportámonos mal, pero recoñecémolo. Eu non quero que remate esta etapa! Tivemos momentos moi felices aquí! (Sara Vázquez, 6ºC).

- Eu vivín moitas cousas bonitas neste colexio. O que máis me impactou foi que ardese a caldeira, porque nos asustamos, pero como non pasou nada foi emocionante. (Mateo Ponce, 6ºC).

- A Primaria non foi moi difícil, xa que tivemos moi bos profes! Tamén coñecín moi bos amigos Este ano foi complicado pola Covid, pero divertido porque a nosa mestra o é! E aprendemos un montón! (Mario Pérez, 6ºC).

- Aínda que sexa o meu primeiro ano aquí, collín moito agarimo aos meus compañeiros/as, e tamén aos meus profes. Ademais, fixen amigas de verdade. Cando pase para a ESO vaime dar pena separarme deles. Recordo con moito agarima a festa que fixemos na clase no Entroido e en Nadal. Foi xenial! (Candela Couce, 6ºC).

- É triste pensar que imos rematar a Primaria, pero tamén alegre lembrar todos eses momentos tan felices que vivimos. Aínda que este ano fose todo raro, e non temos a nosa excursión soñada, viñeron nenos/as novos que nunca pensei que me foran caer tan ben. As festas, bailes, risas... Son un verdadeiro agasallo para min. (Sara Romero, 6ºC).

DESPEDIDAS

- Eu paseino xenial. Fixen moitos amigos/as e descubrín moitas cousas; empecei a interesarme polos videoxogos e grazas a iso fixen máis amigos. (Antía Picos, 6ºC).

- A Primaria gustoume moito polos meus compañeiros, aínda que estaba nervioso ao principio de curso todo foi xenial (Yeray Reyes, 6ºC).

- A Primaria está sendo bastante difícil, a pesar de que tivemos as mellores profesoras do mundo! Coñecín á miña mellor amiga e fixen moitos amigos. Espero que en Secundaria todo siga igual. (Noa Picos, 6ºC).

- Primaria non foi un gran reto, aínda que a partir de 4º complicouse. Sen embargo, a partir de alí tamén o pasei moi ben coas mellores profesoras do mundo! Tivemos tamén un profe en prácticas ao que recordarei con moito agarimo. (Nael Veiga, 6ºC).

- O que máis me gustou foi ter mellores amigos e ter profes moi amables e un profe en prácticas (Leo Sumerinde, 6ºC).

- Lévome unha experiencia moi bonita, tiven moi boas mestras. Na Primaria puidemos ir á piscina, participamos en varios proxectos... Fixemos moitas cousas e moitos amigos! (Eloy Rego, 6ºC).

- Fixen novos amigos e, a pesar da Covid, pasámolo moi ben. Algúns profes son bos. Gustaríame ter máis recreo, aínda que tamén nos chega para xogar. (Dani Teijeiro, 6ºC).

DESPEDIDAS

- Os amigos son o mellor que che pode ocorrer! Ben, e os mestres tamén foron moi bos e agarimosos. Este curso foi todo un reto antes de entrar na ESO, ao fin e ao cabo todos os cursos son difíciles, pero o mellor de todo é que te esforzas, e así podes conseguilo. (Lolo Picos, 6ºC).

- Estar neste cole foi unha experiencia moi enriquecedora, xa que fixen moitos amigos novos e verdadeiros. Tamén tiven profes boísimas. Dáme algo de medo que a cada curso que pasemos teñamos máis deberes, pero con esforzo lograrémolo (Sara Teijeiro, 6ºC).

- Primaria gustoume moito porque fixen novos amigos e coñecín profes estupendos. A pesar do Covid, eu creo que controlaron moi ben as medidas e así puidemos estar todo o curso xuntos. (Alex Naveiras, 6ºC).

- Nestes anos aprendín a convivir e a portarme mellor, descubrindo máis amigos. Coñecín un montón de mestres que son os mellores. Pero a mellor é a nosa Miriam, porque fáinolo pasar moi ben, aprendemos un montón e é agarimosa (Brais Peña, 6ºC).

- Gustoume a Primaria porque coñecín profesores novos e tamén nenos/as novos. Conxeniei moi ben con todos eles, e cos mestres tamén. (Ibon Monteagudo, 6ºC).

DESPEDIDAS

- Para min foi impresionante, sempre foi importante o Feal, xa que me encanta ir ao cole: as mestras, os amigos/as, e os estudos. Tivemos moita sorte coas dúas mellores profesoras da nosa vida, grazas a elas aprendemos moitísimo. Encántame a forma que ten a nosa titora de expresarse e explicar, porque o fai con alegría e aprendemos un montón. As súas risas son moi contaxiosas! Os meus amigos/as son imprescindibles, deles/as aprendo cada día e endexamais me aburro. Este curso paseino xenial, pero tamén chorei moito: despedidas, recordos, 9,9 en exames... Tamén veu un profe en prácticas, sempre o recordaremos como incrible! Fixemos traballos moi chulos: contos en Sociais, entrevistas en Galego... Pero o mellor foi pasar tempo coas persoas que admiro e quero! (Dani Santos, 6ºC).

- Cando cheguei ao Feal non coñecía a ninguén, pero conseguín adaptarme moi pronto. O mellor que me pasou foi coñecer ás miñas amigas, teño un montón de experiencias con elas! A medida que fun pasando cursos tamén fun coñecendo máis compañeiros/as, coas que teño unha amizade moi boa. Tamén tivemos profes moi bos, e un en prácticas que era moi gracioso. (Alazne Soto, 6ºC).

- Primaria foi moi divertida. Paseino xenial, aprendín moitas cousas, tocoume unha mestra moi boa. Recordarei con moito agarimo as vidas que tiñamos na clase para gañar ou perder tempo de recreo, como calábamos cada vez que perdíamos unha! (Alex Villar, 6ºB).

- Podería dicir mil e unha palabras expresando o que sinto cara os nenos/as deste grupo, pero podo resumilo, co meu corazón (cheo de amor por eles) na man, en que foron a mellor unidade familiar que puiden ter este curso tan complicado. Sodes a miña agrupación atómica favorita. Quérovos, non sabedes canto. Gracias Eva por realizar un traballo tan ben feitos con estes nenos/as. (Miriam Iglesias).

DESPEDIDAS

6º de Educación Infantil





DESPEDIDAS

6ºA de Educación Primaria





DESPEDIDAS

6ºB de Educación Primaria





DESPEDIDAS

6ºC de Educación Primaria





DESPEDIDAS

4ºA de ESO





A Tribo

DESPEDIDAS

4ºB de ESO





DESPEDIDAS

XUBILACIÓNS



Este ano temos que decir adeus a dúas profesoras con longa traxectoria na familia do Feal.

Isabel Derungs e Luisa Agulló abandonan o centro logo de máis de 20 anos exercendo a docencia. Deixan atrás varias xeracións de alumnos/as agradecidos, de compañeiros/as que os botaremos en falla e, ben seguro, moreas de pisadas desas que non se esquecen con facilidade.

Agradecémoslles o seu esforzo e traballo diario e desexámoslles un feliz retiro.

Ata sempre compañeiras!